

Veciñanza esíxelle ao Goberno Municipal que suprima barreiras arquitectónicas nos espazos públicos

É especialmente urxente a intervención nas inmediacións do colexio público, a poucas semanas da 'volta ao cole'. Son varias as leis que obrigan ás Administracións Públicas a intervenir en materia de accesibilidade, pero en Cuntis o Bipartito mantén a inacción neste ámbito. Son, como mínimo, catro as leis, acordos ou propostas que o Goberno Local ignora en materia de accesibilidade nos espazos públicos.

Cuntis, 8 de xullo de 2018. A "Lei 8/2013 de 26 de xuño de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana" fixaba a **data do pasado 4 de decembro de 2017 para a adecuación da accesibilidade nos espazos públicos**. De igual maneira, a Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade, recolle xa a obriga de *garantirlle ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e co deseño para todos respecto dos contornos, procesos, bens, produtos e servizos, así como en relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que estes se fagan comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e do xeito máis autónomo e natural posible*. **En xaneiro de 2016, Veciñanza presentaba ante o Pleno Municipal de Cuntis unha moción para a mellora neste ámbito**, que era aprobada pola Corporación. A comezos do presente ano, propoñiamos do mesmo xeito adicar unha partida do Plan Concellos á mellora da accesibilidade nos espazos públicos. **Todo caíu, ata o momento, en saca rota**. Cuntis conta aínda con numerosas barreiras arquitectónicas que lle fan a vida cotiá moi difícil ás persoas con diversidade funcional e ás súas familias. Dende o propio edificio do Concello (pensemos por exemplo na Alcaldía ou no Salón de Plenos) ao Centro de Saúde, sen esquecer numerosas beirarrúas ou as inmediacións de lugares tan concorridos como parques, xardíns ou o propio colexio público da vila.

A accesibilidade en igualdade de condicións para todos e todas é **unha demanda inaprazable** na sociedade actual. O Goberno Municipal de Cuntis segue obviando tanto esta necesidade como as disposicións legais que lle obrigan á Administración Local a avanzar neste sentido cara a uns entornos sen barreiras arquitectónicas. Cando estamos a poucas semanas de que se produza a volta ao cole, as inmediacións do CPI Don Aurelio presentan aínda dificultades arquitectónicas insalvables para aqueles/as nenos/as e as súas familias que precisen de accesos adaptados.

Veciñanza esíxelle ao Bipartito de Cuntis que dunha vez por todas se poña a traballar en materia de accesibilidade e destine recursos e esforzos a cumprir as leis que lle obrigan a intervenir neste ámbito. É urxente priorizar o entorno do colexio público, pero resultan inaprazables as intervencións en edificios como a propia Casa do Concello ou o Centro de Saúde (se ben neste último caso a responsabilidade cómpre esixirla tamén á Xunta de Galicia). Máis alá do cumprimento das leis, é necesario **un mínimo de sensibilidade e empatía** para entender que estamos ante o unha asignatura pendente de primeira necesidade.

